

VIERNES, 15 de diciembre de 2006

REPORTAJE: MEMORIA ESCRITA | LUCES

Enchendo os furados negros

A narrativa recuperou na última década aos heroes anónimos e as vítimas da represión

DOLORES VILAVEDRA | 15 DIC 2006

Archivado en: Guerra civil española Franquismo Narrativa Literatura Historia contemporánea Historia Cultura

Unha guerra sempre marca a ferro unha literatura. Pero no caso español e galego, os anos de silencio, a longa noite de pedra da elexía de Celso Emilio Ferreiro, adiou ata datas ben recentes o exercicio memorístico sobre a traxedia que se desatou no 36. Foi na última década cando a memoria bélica impregnou todas as nosas letras.

No remol do congreso sobre a guerra civil, celebrado en Madrid hai pouco máis de 15 días, foron aparecendo neste xornal diversos artigos e cartas que facían fincapé na cuestión da *posmemoria*, isto é, a experiencia daqueles que viron -vimos- frustrada a transmisión da lembranza dun acontecemento traumático (neste caso, a guerra) que non somos quen de reconstruír cabalmente. Para iso serve a *posmemoria*: para encher os furados negros da memoria grazas ao pulo creativo que ese pasado nos proporciona. A distancia xeracional que nos separa dos feitos evocados compensámola tecendo unha rede de conexións personais que nos vencellan a eles e que nos permiten anosalos. Iso foi o que botei de menos no congreso de Madrid: a carón do esforzo dos superviventes por facérense visibles, por deixar claro que si houbo vencedores e vencidos, verdugos e vítimas, a xeración dos netos "do sangue derramado no conflito" (parafraseando a Tussell), malamente puidemos facer oír a nosa voz.

Ignorados pola Historia e beirados pola Memoria, pouco máis nos queda ca manifestar a nosa disconformidade con esa parte do legado da Transición que trabucou amnistía con amnesia e tentar soldar, grazas á literatura, ese hiato histórico que nos pariu como cidadáns dun país demediado. Por iso cando a narrativa galega comeza a cultivar o tema, tras aqueles iniciáticos e serodios testemuños de fuxidos e exiliados (Silvio Santiago, Ramón de Valenzuela, Antón Alonso Ríos), o ritmo se acelera de modo progresivo. Sería Carlos Casares con *Os mortos daquel verán* quen nos lembrase en 1987 que aínda hai moitos xuízos pendentes, e que a literatura pode ser un xeito de axustar contas coa memoria, xa que non coa historia. Que varias novelas sobre o tema (*O bosque das antas* de Fernández Naval no 88 e *Agosto do 36* de Fernández Ferreiro no 91) se fixesen co premio Xerais, ese que outorga "a forza dos lectores", algo quería dicir: que a sociedade galega estaba disposta a axustar contas co seu pasado e a abordar a imprescindible catarse que toda terapia presupón.

A publicación en 1998 de *O lapis do carpinteiro* de Manuel Rivas supuxo un punto de inflexión na integración do tema no ámbito da *posmemoria* elaborada pola xeración nada nos 50. Hibridando datos empíricos nun marco abertamente ficcional, e renunciando á lexitimidade que *a priori* lle proporcionaría o marco histórico ou documental, Rivas obxectualiza a memoria nun lapis e consegue deste xeito corporeizala, facela visible e tanxible.

A partir de entón, resulta evidente que os narradores galegos non pretenden nin erixirse en xuíces, nin liderar ningunha caste de revancha nin asumir de novo, como tantas veces no

pasado, a función de escribir a historia. En xeral, todos eles consideran as súas novelas como unha achega á memoria colectiva e confórmanse con deitar luz nalgúns dos seus recantos escuros, eses nos que habitan os heroes anónimos e as vítimas esquecidas polas estatísticas.

Realmente, a memoria literaria da guerra é a dunha guerra xorda (así a califica Villares). Ao non haber fronte en Galicia, o conflito disimulouse cunha invisibilidade que a miúdo se equiparou con ausencia de violencia e sufrimento. Son contados os episodios bélicos nas novelas sobre o tema, quizais por iso nos impacta tanto o relato da batalla do Ebro en *Entre fronteiras* de Xavier Alcalá. Máis que novelar a guerra, o que fan os narradores galegos é novelar a posguerra, dándolle a palabra a unha serie de grupos sociais silenciados á forza: exiliados, fuxidos, represaliados, mulleres, anarquistas e protestantes fan oír as súas voces nas páxinas de Alcalá, Manuel Veiga, Suso de Toro ou Antón Riveiro Coello. Eses personaxes encarnan unha violencia que xa non podemos ignorar porque ten nome e apelidos e porque as súas faces non teñen o anonimato da trincheira senón a perturbadora concreción das faccións do veciño ou do parente.

¿E que sucedeu coa poesía? Pois que a natureza teimosamente resistente do discurso poético foi o que lle permitiu sobrevivir na longa noite de pedra. Non é casualidade que fose un poeta quen idease esa metáfora para aludir á guerra, a máis eficaz de todas as que coñezo: eficaz por contundente e, sobre todo, eficaz por compartida, pois está inscrita no código xenético de sucesivas xeracións de galegos e galegas. Por outra banda na poesía, por mor da brevidade inherente ao xénero, o exercicio obrigado da síntese dota de maior intensidade aos textos; xa que logo, estes potencian a súa función de denuncia e moitas veces convértense en pequenos espazos destinados á homenaxe de vítimas concretas ou anónimas. Os poemas érguense así a modo de memoriais que suplen os inexistentes, lembranza viva daqueles que gardan silencio nas foxas.

Non nos enganemos, isto non é unha moda, como algúns parecen desexar. O interese da cidadanía por coñecer mellor o seu pasado non vai minguar, entre outras razóns porque, tal e como fai Carlos Reigosa en *Intramundi* ou Xavier Quiroga nas súas novelas, teremos que seguir remontándonos no tempo para tentar explicar aqueles conflitos anteriores á guerra que foron o seu xermolo, para facer visibles esas "guerras de cultura" das que fala a historiadora Helen Graham. Déixenme rematar cunha imaxe, que é tamén unha chamada á reflexión: en *Concubinas* de Inma López Silva as personaxes habitan unha vila na que cada 18 de xullo as augas do río baixan vermellas, tinguidas de sangue. A autora da novela (por certo, Premio Xerais 2002) naceu en 1978. ¿Será que as augas da memoria seguen avoltas?

A guerra contada aos mozos

A enxurrada de premios concedidos nos últimos anos a novelas sobre a guerra civil destinadas -cando menos, nun principio- a un público adolescente debe ser interpretada como un síntoma do interese que o tema esperta entre eses lectores e non como unha moda ou unha casualidade, interese que debe relacionarse co xa comentado verbo do papel de activadores da memoria que están a desempeñar neste asunto as segundas e as terceiras xeracións. O fenómeno fíxose moi evidente este ano, cando o Premio Nacional de literatura infantil e xuvenil foi para a estupenda *Cielo abajo* de Fernando Marías, que xa se fixera no seu día co premio Anaya, e contaba cos notables precedentes de *Noche de alacranes* de Alfredo Gómez Cerdá (premio Gran Angular) e *Silencio no corazón* de Jaume Cela, que fora xa premio Abril en 1999. Entre a mocidade galega, o tema popularizouse grazas a Agustín Fernández Paz, primeiro con *Noite de voraces sombras* (2002) e logo con *Corredores de sombra* (2006), que saíra case ao tempo que *A sombra descalza* de An Alfaya

(Premio Lazarillo 2005). Pero non partían de cero pois, aínda que a guerra civil como tema non acababa de callar, coma se o momento histórico non fose o máis axeitado, sí que inspirara xa novelas como *Todo o peso do ceo* de Martínez Oca, *Tristes armas* de Marina Mayoral ou *Aqueles anos do Moncho* de Neira Vilas, ademais dun monllo de relatos espallados aquí e acolá.

Ocórreseme que calquera destes libros pode ser un fermoso agasallo navideño para mozos e mozas (e non só), sobre todo se o facemos como un convite a partillarmos unha ollada a un pasado que xa é de todos.

Atrévanse, non desaproveiten a ocasión de tender pontes interxeracionais. Pero cunha condición: quen agasalle un destes libros ten que estar disposto a procurar respostas a preguntas que non sempre as teñen.

BIBLIOGRAFÍA

Os mortos daquel verán. Carlos Casares. Editorial Galaxia, 1987

O bosque das antas. Francisco Fernández Naval. Edicións Xerais, 1988

Agosto do 36. Xosé Fernández Ferreiro. Edicións Xerais, 1991.

O lapis do carpinteiro. Manuel Rivas. Edicións Xerais, 1998

Concubina. Inma López Silva. Edicións Xerais, 2002

Entre fronteiras. Xavier Alcalá. Editorial Galaxia, 2004.

Home sen nome. Suso de Toro. Xerais, 2006